

BLOQUE 7: A II REPÚBLICA E A GUERRA CIVIL

T.27: A GUERRA CIVIL: SUBLEVACIÓN, BANDOS EN CONFLICTO E A SÚA DIMENSIÓN INTERNACIONAL

➤ CRONOLOXÍA: 1936-1939

1) O PREÁMBULO DA GUERRA

- En febreiro de 1936 gaña as eleccións a Fronte Popular, poñendo de novo en marcha as reformas paralizadas ou derogadas durante o Bienio de Dereitas.
- Durante a primavera de 1936 producíase un incremento de desordes públicos: protestas no campo, ocupación de terras, asasinatos entre grupos extremistas (anarquistas e falanxistas)...

1.1. A CONSPIRACIÓN MILITAR:

- Desde que se proclamou a II República unha parte do Exército amosou abertamente a súa hostilidade contra o novo réxime, e non deixou de conspirar contra el ("Sanjurjada").
- O goberno da Fronte Popular era consciente deste perigo → envío de xenerais menos fieis a capitanías pouco importantes, alonxados uns de outros (Franco en Canarias, Mola en Navarra, Goded en Mallorca...).
- En abril de 1936 organízase a conspiración golpista máis consistente: organizada polo XENERAL MOLA (denominado "O Director"):
 - A súa xustificación do golpe: o pobo español corría o risco de converterse nun estado comunista.
 - Apoio de parte do Exército, dos falanxistas, carlistas (requetés) e dun grupo de terratenentes e financeiros que axudan aos golpistas (Juan March).

1.2. CARA O GOLPE DE ESTADO (xullo 1936):

- Detonante: Asasinato do Garda de Asalto, José del Castillo, por un grupo de falanxistas → asasinato en represalia de José Calvo Sotelo, deputado monárquico, por grupos de extrema esquerda.
- Aceleración do golpe → mobilización dos indecisos (entre eles, Franco).
- **17 xullo de 1936 → inicio da sublevación en Melilla:**
 - Franco voa desde Canarias a Marrocos para poñerse ao fronte do Exército de África.
- **18 xullo de 1936 → alzamento na Península:**
 - Triunfan na España rural: Galicia, Castela (xeneral Mola en Burgos), Aragón, Navarra, Álava, norte de Extremadura e Andalucía Suroccidental, máis Mallorca e Ibiza.
- 20 de xullo → España dividida: o golpe non triunfa en todo o territorio → INICIO DA GUERRA CIVIL → 2 bandos: os republicanos e os "nacionais":

- Fieis á República: cidades máis importantes, zonas industriais, o Levante. A Armada mantense fiel, polo que logran manter en Marrocos ao exército de África, impedindo que crucen.

2) A DIMENSIÓN INTERNACIONAL

2.1. O COMITÉ DE NON INTERVENCIÓN

- A Guerra Civil estourou nun momento crítico nas relacións internacionais → forte tensión entre as democracias europeas de Francia e Reino Unido e os réximes fascistas totalitarios de Hitler e Mussolini.
 - Intento de evitar unha futura guerra mundial (política de contención) e desconfianza dos gobernos inglés e francés do goberno republicano, influídos pola propaganda do bando “nacional”.
- Creación do COMITÉ DE NON INTERVENCIÓN (agosto ‘36): Reino Unido e Francia presionan a un total de 27 países (entre eles os anteriores, Alemania, Italia e a URSS) para asinar o Tratado de Non Intervención en España:
 - Prohibición de exportación a España de armas, municións, e todo tipo de material de guerra.
- Na práctica, este acordo foi unha farsa, con **Alemania e Italia** incumpríndoo, enviando exército e armas ao bando sublevado. Ante este feito, a **URSS de Stalin** decide axudar á República (outubro ‘36).

2.2. AXUDA AO BANDO SUBLEVADO:

- Razóns de Hitler e Mussolini:
 - O triunfo dun golpe de Estado en España debilitaría a Francia fronte a unha futura guerra.
 - A guerra española como un campo de de probas para o novo armamento alemán e tácticas de guerra.
- Alemania enviou carros de combate, forzas de defensa aérea e a chamada **LEXIÓN CÓNDOR**¹ (responsable do bombardeo de Guernica, no País Vasco). A axuda nazi foi fundamental para lograr o cruce do Estreito do exército de África á Península.
- Italia envía máis homes (Corpo di Truppe Volontaire) e aviación.
- Axuda tamén a ditadura veciña de Salazar.
- Apoio de grandes financeiros e personalidades españolas (Alfonso XIII), de grandes compañías multinacionais angloamericanas (Ford, Shell, General Motors) que lle proporcionaron petróleo e transporte, e de posibilidade de crédito de bancos europeos, sen apenas obstáculos.

¹ LEXIÓN CÓNDOR: aviación enviada pola Alemania nazi en axuda do bando franquista durante a Guerra Civil (1936-39). A axuda nazi foi fundamental para a vitoria do bando sublevado, indo en contra dos acordos de Non Intervención, e servindo a Hitler de campo de probas para a futura II Guerra Mundial. Foi tristemente coñecida como a responsable do bombardeo de Guernica, entre outros.

2.3. AXUDA AO BANDO REPUBLICANO:

- A partir do claro apoio de Alemania e Italia ao bando sublevado, a URSS decide axudar ao bando republicano, temendo unha maior expansión das forzas fascistas:
 - Envío de material bélico (moito anticuado e obsoleto), pilotos, técnicos e conselleiros políticos.
 - Axuda intermitente pero non constante.
 - Foi a cambio do envío do ouro do Banco de España á Moscú.
- Sobresae tamén a axuda das chamadas **BRIGADAS INTERNACIONAIS**², corpo de voluntarios estranxeiros, organizado pola III Internacional, que decidiron vir loitar xunto coa República contra o triunfo do fascismo.
- Axuda tamén de México, co goberno do Presidente Cárdenas, con materias primas, material bélico e unha forte política de acollida de refuxiados.

3) CARACTERÍSTICAS DOS BANDOS

3.1. BANDO SUBLEVADO ou “NACIONAL”:

- Creación da XUNTA DE DEFENSA NACIONAL, en Burgos, formada por varios xenerais:
 - Proclamación de Xefe do Estado e “xeneralísimo” a Franco (1 de outubro 1936).
 - Derogación das reformas e dos dereitos instaurados na república: matrimonio civil, divorcio, ensino laico, devolución das terras expropiadas pola reforma agraria...
 - Abril de 1937→ DECRETO DE UNIFICACIÓN: establecemento do partido único de carácter fascista: **FET DE JONS**³ (Falange Española Tradicionalista das JONS). Inicio do concepto “Movemento Nacional”.
- Os sublevados, chamados así mesmos “NACIONAIS”: xustificaron a súa acción como o único medio para acabar coa anarquía e restablecer a orde e eliminar aos “inimigos da patria”, chamados todos eles “rojos”, o chamado “Alzamento Nacional”:
 - Contan co apoio das oligarquías tradicionais (terratenentes, banqueiros, empresarios), das clases medias católicas, partidos de dereita como a CEDA, de extrema dereita como a Falange e os carlistas.
 - A Igrexa católica apoia aos sublevados e cualifica a guerra como “CRUZADA DE LIBERACIÓN”, xustificando tamén a violencia.
 - Forte represión contra os “rojos”: asasinatos dos membros electos da Fronte Popular, mestres, intelectuais, sindicalistas... Tratouse dunha VIOLENCIA SISTEMÁTICA,

² BRIGADAS INTERNACIONAIS: batallóns de voluntarios estranxeiros que loitaron en España durante a Guerra Civil (1936-39) apoiando ao bando republicano. Estarán formados por militantes de esquerdas, especialmente marxistas de diversos países, fundamentalmente de Europa Occidental (Francia, Reino Unido, Alemania...) e EEUU. Entendían a Guerra Civil española como unha guerra contra o fascismo que imperaba en Europa. Abandonarán o país trala derrota na Batalla do Ebro (1938) polas presións do Comité de Non Intervención.

³ FET DAS XONS: siglas da Falange Española Tradicionalista das Xuntas de Ofensiva Nacional Sindicalista. Partido único que xorde no bando franquista durante a Guerra Civil (1936-39) en 1937, mediante o chamado Decreto de Unificación. De ideoloxía fascista, baseaba o seu programa nos principios da Falange de José A. Primo de Rivera, adoptando o saúdo fascista do brazo en alto, o uniforme da camisa azul dos falanxistas e a boina vermella dos carlistas. Será o único partido legal nese bando e posteriormente durante o Franquismo, pasando a denominarse “Movemento Nacional”.

INSTITUCIONALIZADA, apoiada, fomentada e xustificada polo novo réxime, con o seu xuízos militares (“paseos” e “sacas”). Emprego de CAMPOS DE CONCENTRACIÓN.

3.2. BANDO REPUBLICANO:

- Os republicanos, que defenden o goberno lexítimo e co tempo toman a súa loita como unha loita maior contra o fascismo.
 - Forte campaña de resistencia da capital (“Non Pasarán”, “Madrid, tumba do fascismo”) que consegue non ser tomada polos “nacionais”.
- A sublevación e a posterior división do país provocará un forte CAOS NA ZONA REPUBLICANA:
 - Numerosos presidentes de goberno.
 - Medo ante outras sublevacións → desmobilización dos soldados → entrega de armas ao pobo e creación das **MILICIAS POPULARES**.
 - Forte descontrol do goberno nos primeiros meses → o poder real na República queda en mans das milicias e de **COMITÉS LOCAIS E PROVINCIAIS**, formadas por membros dos partidos comunistas e anarquistas da CNT e a FAI → inicio de colectivizacións.
 - Novo goberno de LARGO CABALLERO (setembro 1936), cun goberno que integra a todos os partidos, recupera lentamente o control: organiza o futuro **EXÉRCITO REGULAR DA REPÚBLICA**, e devolve o poder ás autoridades correspondentes.
- Forte represión (tamén “paseos” e “sacas”) contra os membros da Igrexa e persoas de dereitas, terratenentes... (entre eles J.A. Primo de Rivera). Ten lugar de maneira abrumadora nos primeiros meses da guerra, a través das “patrullas de control”, que o goberno republicano foi incapaz de dominar. A partir de 1937 a violencia incontrolada descenderá.
- Coa presión dos “nacionais” á capital, o goberno trasladarase a Valencia.
- En gran parte da zona republicana, o Partido Comunista comezará a obter maior poder, grazas a chegada da axuda da URSS.
- DÚAS TENDENCIAS NA ESQUERDA:
 - Prioridade gañar a guerra, logo revolución, defendido por PSOE e PCE, polo que se debía colaborar coas forzas republicanas do goberno.
 - Para poder gañar a guerra hai que facer primeiro a revolución, defendida pola CNT e FAI e o POUM (Partido Obrero de Unificación Marxista).
 - Estas dúas tendencias entrarán en guerra aberta en Barcelona, vencendo as posturas proclives a gañar a guerra.
- Último presidente de goberno → Juan Negrín:
 - Trala derrota da “Batalla do Ebro” (1938) → Política de “resistencia a morte”: intento de aguantar ata o inicio da II Guerra Mundial, que se vía inevitable, e unir así os dous conflitos, obtendo a axuda dos aliados.
 - Toma de Madrid o 28 marzo 1939. Toma do Levante, 1 abril 1939 → fin da guerra.

4) CONSECUENCIAS DA GUERRA

- Miles de mortos (en torno a medio millón), feridos e desaparecidos.
- Moitos dos combatentes ou persoas afíns ao goberno da República tiveron que EXILIARSE de España (case medio millón). Moitos foron recollidos pola URSS, outros por México, e Francia. Neste caso foron algúns logo entregados ao réxime nazi durante a II Guerra Mundial, acabando en campos de concentración.
- Ruína económica, destrución de infraestruturas e vivendas.
- España quedará illada internacionalmente ata a década dos 50 polo bloque occidental, vencedor da II Guerra Mundial.
- Inicio dunha DITADURA TOTALITARIA, o Franquismo, cunha REPRESIÓN brutal ata a metade da década dos 50. Suavizarase durante a Guerra Fría e durará ata a morte do ditador en 1975.